

Dossier informativo

“O segredo dos Hoffman”

Unha produción de Lagarta lagarta sl

En Vedra, a 29 de marzo de 2009



QUEN SOMOS

Lagarta lagarta é unha empresa de produción teatral nacida en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de longa traxectoria en Galicia., comunidade na que **lagarta lagarta** ten a súa sede e realiza principalmente a distribución dos seus espectáculos.

De ter que definir a **lagarta lagarta** en poucas palabras diríase que é unha compañía de actores, nacida co espírito de facer espectáculos que moitos actores agardan e ós que desexan enfrontarse, pero que por diversas circunstancias non se puideron levar a escena no seu día. É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir, e non necesariamente no seu propio seo.

Éste é un dos motivos polos que **lagarta lagarta** non conta cun plantel fixo de profesionais (dirección, intérpretes, deseños, etc.) polo que en cada caso, en cada produción, buscamos ós máis idóneos ou axeitados.

ESPECTÁCULOS PRODUCIDOS

O primeiro espectáculo producido pola compañía foi **CARTAS DE AMOR** de A.R. Gourney, que tivo unha excelente acollida tanto de público como de crítica. **CARTAS DE AMOR** estaba interpretado por Mabel Rivera e por Xosé M. Olveira Pico, senlleiros do teatro en Galicia e en galego. En **CARTAS DE AMOR**, presentabamos un traballo de coidada factura, prestando especial atención ó texto. De feito, pensamos que a mellor forma de subtítular o espectáculo era “*Teatro para escoitar*”.



No 2004 presentamos ante o público o que foi considerado como o éxito da tempada en Galicia ó conxugar o teatro comercial coa calidade: ***FOBIAS (Una extraña noche en casa de Luis Mendía)***. **FOBIAS** foi un texto escrito expresamente para a nosa compañía, e concretamente para o que foi o seu elenco, por José Luis Prieto, autor que recibiu o **Premio MAX 2004 ó Mellor Autor Teatral en Galego**. **Nos Premios de Teatro de Galicia (Premios María Casares) lagarta lagarta obtivo nove nominacións, recibindo finalmente os premios ó Mellor Espectáculo do Ano 2004, Mellor Texto Orixinal e Mellor Actriz Protagonista para Rosa Álvarez.**

Lagarta lagarta con **FOBIAS** participou na XII Mostra de Teatro Español de Autores Contemporáneos de Alicante, dirixida por Guillermo Heras.

Co seu terceiro espectáculo **CARAMBOLA (CÓNCAVO CONVEXO)** tamén escrito por Jose Luis Prieto **lagarta lagarta** recupera para os escenarios despois de anos de traxectoria profesional en televisión ó actor Ernesto Chao.

No ano 2007 realizamos a xira por Galicia de **AS ÚLTIMAS LÚAS**, unha tradución do texto *Le ultime lune* do autor italiano Furio Bordon. A elección do texto **AS ÚLTIMAS LÚAS** supuxo un enorme reto para **lagarta lagarta**, pola súa brillantez e elegancia, unha das marcas de calidade que pretendemos manter na compañía. Con este texto Marcello Mastroiani despedíase en novembro de 1995 do público e dos escenarios, falecendo pouco despois en París. Para este desafío contamos co magnífico traballo na dirección de Xúlio Lago, que goza de respecto por parte da profesión teatral, e de Cándido Pazó, recoñecido



director, dramaturgo e tradutor. Nas máis de 60 funcións contratadas o espectáculo recibiu excelentes críticas e unha máis que notable acollida por parte do público.

En xullo de 2008 presentamos **AEROPLANOS** dando a coñecer ó arxentino Carlos Gorostiza, considerado como o autor arxentino vivo máis importante, ante o público galego, nun texto conmovedor, cheo de tenrura e delicado sentido do humor, que segue actualmente en xira por toda Galicia. Foi seleccionada pola Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas para participar como representación galega na última edición dos **Premios Max, celebrados o pasado 30 de marzo, como Espectáculo Revelación.**



O SEGREDO DOS HOFFMAN

De Roberto Salgueiro y Alejandro Palomas

Baseado na novela EL SECRETO DE LOS HOFFMAN
DE ALEJANDRO PALOMAS

REPARTO

Lucas Hoffman XOSÉ BARATO

Rodolfo Hoffman ERNESTO CHAO

Martina Hoffman BELÉN CONSTENLA

Verónica Hoffman REBECA MONTERO

Diseño de escenografía..... Equipo **ERRO**
Diseño de iluminaciónAlfonso **PARRA**
Música Fran Pérez **NARF**
Coreografía..... David **LOIRA**
Diseño de vestuario..... Equipo **ERRO**
Realización de escenografía **ESCENOSSET**
Vestuario**SATURNA**
Diseño gráfico Equipo **ERROMAR**
Fotografía.....Tino VIZ (**Margen**)
Grabación Banda Sonora **PORTICO**
Dvd promocional Paco **GÓMEZ**
Asistencia técnica..... **RTA**

Auxiliar de producción e dirección Mauro **CHAO**
Producción executiva Ernesto **CHAO**, Marta **SACAU**
PRODUCCIÓN LAGARTA LAGARTA, s.l.

Axudante de dirección MARTA SACAU

Dirección ROSA ÁLVAREZ



ROBERTO SALGUEIRO

Licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostela. DEA en Teoría da Literatura e Literatura Comparada

DIRECTOR DA AULA DE TEATRO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO de Compostela dende o ano 1990, ten publicado diversos ensaios e traducións sobre práctica teatral.

Ten dirixido para diversas compañías de teatro e institucións públicas, representándose os seus traballos como director de escena e autor además de en Galicia e España en Bélxica, Noruega, Alemaña, Portugal, Marrocos, Puerto Rico ou Estados Unidos.

Foi premiado ou nominado con numerosos galardóns entre os que destacan:

- PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO 1988, con O arce do xardín
- FINALISTA DO PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO 1989, con Historia de Neera
- PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO 2000, con Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado
- FINALISTA DO PREMIO RAFAEL DIESTE 2001, con Matanza
- PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO 2002, con Molière final
- PREMIO DE DRAMATURXIA CARLOS COUCEIRO 2002, con Apnea
- PREMIO DE TEATRO ABRENTE 2006, con Memoria de Helena e María
- PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO 2008, con Historia da chuvia que cae todos os días



ALEJANDRO PALOMAS

Nado en Barcelona en 1967, é Licenciado en Filoxía Inglesa pola Universidade de Barcelona, obtendo un M.A in Poetics en el New College de San Francisco (EEUU).

Colaborador en diversos xornais e medios de comunicación, é tradutor ó castelán de diversos autores como KATHERINE MANSFIELD, WILLA CARHER, OSCAR WILDE, GERTRUDE STEIN OU JEANETTE WINTERSON e dirixe a colección “Pérfidos e Iluminadas” de El Cobre Ediciones.

Xa ten publicado, entre outras, as novelas A PESAR DE TODO, EL TIEMPO DEL CORAZÓN (pola que foi elexido Nuevo Talento FNAC en 2002), TANTA VIDA (do que ten preparado xunto a Ángeles González Sinde a adaptación cinematográfica para ser rodada proximamente), TANTO AMOR e o libro de relatos PEQUEÑAS BIENVENIDAS.

Con **EL SECRETO DE LOS HOFFMAN** foi finalista do VII Premio de Novela Ciudad de Torreveja, texto posteriormente publicado por Random House Mondadori e tamén con recente tradución ó catalán.



ROSA ÁLVAREZ (directora)

Dende os anos 70 participa como actriz nun grande número de espectáculos teatrais en diferentes compañías como ARTELLO, CENTRO DRAMÁTICO GALEGO., TEATRO DO MALBARATE, ESPELLO CÓNCAVO, TEATRO DO ATLÁNTICO, MANIVELA PRODUCCIÓNS, etc. Polo seu traballo en *COMPañÍA*, de Eduardo Rovner, recibe o “Premio MARÍA CASARES DE TEATRO 2002”



á Mellor Actriz Protagonista. Tamén participa en numerosas películas, sendo as últimas *13 BADALADAS* de Xabier Villaverde e *O AGASALLO DE SIVIA* de Dionisio Pérez. Intervén como actriz convidada nas series *PRATOS COMBINADOS*, *MAREAS VIVAS*, *PERIODISTAS*, *POLICÍAS*, ... e en varias Tv-movies como *CONDENADO A VIVIR* de Roberto Bodegas, *ENTRE BATEAS* de Jorge Coira, traballo polo que foi galardoada co “Premio MESTRE MATEO DE AUDIOVISUAL 2003” á Mellor Actriz Secundaria. Outros premios acadados son o de “Mellor Actriz” en 1984 no Festival Internacional de Teatro de Ribadavia, o “Premio Compostela 1.993” e o Premio de Honra “ABRENTE 2.002”

O último espectáculo no que ten participado como actriz é *A boa persoa de Sezúan*, de Bertold Brecht para o CDG.

AEROPLANOS de lagarta lagarta foi o seu primeiro espectáculo dirixido, espectáculo qu permanece nestes momentos en xira.



XOSÉ BARATO (Lucas Hoffman)

Comeza na interpretación en Coruña no coñecido grupo teatral amator denominado Sardiña.

Na Universidade de Santiago de Compostela cofunda a compañía TEATRO BARATO coa que desenrola varios proxectos como *CADA UN NO SEU CORPO* OU *CINECLÚ*.



Rápidamente recibe a oportunidade da televisión, participando en diversos formatos, dende telefilmes a docuseries e comedias de situación que o fan moi popular en Galicia.

Entre a súa filmografía destacan *OS ATLÁNTICOS*, *HISTORIAS DE GALICIA HOSPITAL*, *A MARIÑEIRA*, *TRAZOS*, *1936 RIBADEO*, *HAI QUE BOTALOS* OU *CUARTO SEN ASCENSOR*.

Actualmente está grabando a segunda tempada da serie *MATALOBOS PARA TVG*.

No ano 2008 recibiu o PREMIO PARA O MELLOR COMUNICADOR DE TELEVISIÓN NOS PREMIOS MAESTRO MATEO CON "HISTORIAS DE GALICIA".



ERNESTO CHAO (Rodolfo Hoffman)



Empeza a súa traxectoria no ano 69 nas compañías ABRENTE, TEATRO ARTELLO, COMPAÑÍA ERNESTO CHAO, TEATRO DO MALBARATE, TEATRO DO NOROESTE, MANIVELA PRODUCCIONS e NORDESÍA. Foi director do CENTRO DRAMÁTICO GALEGO no que participou tamén como actor en espectáculos *COMO AGASALLO DE SOMBRAS*, *OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE*, *AS TRES IRMÁNS*, *AS ALEGRES*

CASADAS, *O INCERTO SR. DON HAMLET*, *UN SOÑO DE VERÁN* E *VALLE-INCLÁN 98*.

Os seus traballos en cine remóntanse ó ano 1985 con *LA HORA BRUJA*, de Jaime de Armiñán, *ESPERANZA* de Chano Piñeiro, *DIVINAS PALABRAS* de José Luis Cuerda, *HUIDOS* de Sancho Gracia, *LA LEY DE LA FRONTERA* de Adolfo Aristarain, *DÍAS DE VODA* de Juan Pinzás ou *13 BADALADAS* de Xavier Villaverde. Foi protagonista na película *CONDENADO A VIVIR*, sobre a vida de Ramón Sampedro, ademais das súas aparicións en numerosas series de televisión de ámbito autonómico e estatal entre as que destaca *PRATOS COMBINADOS*, no seu papel protagonista con 10 anos de emisión.

Funda en 2001 a compañía LAGARTA LAGARTA na que exerce de Produtor Executivo nos espectáculos *CARTAS DE AMOR* e *FOBIAS*. Participa tamén como actor nas producións *CARAMBOLA*, *AS ÚLTIMAS LÚAS* (pola que recibe o PREMIO MARÍA CASARES Ó MELLOR ACTOR DO AÑO 2007) E *AEROPLANOS*.

Recibiu no ano 2008 o PREMIO DE HONRA DA ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL A TODA A SÚA TRAXECTORIA.



BELÉN CONSTENLA (Martina Hoffman)

Comeza a súa carreira como actriz profesional na COMPAÑÍA CARITEL de Ourense , integrándose máis tarde en TEATRO DO NOROESTE de Santiago onde intervén en numerosos espectáculos. Traballa noutras producións para o CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, TEATRO DO AQUÍ, TEATRO DO MORCEGO, ESPELLO CÓNCAVO e, máis recentemente en TEATRO DO ATLÁNTICO EN UNHA PRIMAVERA PARA ALDARA. NO ano 1.999 participa en *TRABALLOS DE AMOR PERDIDO* de W. Shakespeare, na compañía UR TEATRO do País Vasco.



En Televisión de Galicia ten un papel fixo nas series de gran audiencia *A VIDA POR DIANTE E RÍAS BAIXAS* e participa en numerosas producións televisivas de ámbito nacional como *HOSPITAL CENTRAL*, *EL COMISARIO OU UCO*. Participa en varias películas sendo as últimas *OS MORTOS VAN ÁS PRÉSAS* e *SEI QUEN ES* de Patricia Ferreira e *DÍAS DE VODA* de Juan Pinzás.

Recibiu en diversas ocasións o “PREMIO MARÍA CASARES DE TEATRO” Á MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA: en 1998 por *UNHA ROSA É UNHA ROSA* de TEATRO DO NOROESTE, en 1999 por *VALLE INCLÁN 98* do CENTRO DRAMÁTICO GALEGO, e en 2001 por *CRIATURAS* de TEATRO DO AQUÍ.

Igualmente foi nominada en repetidas ocasións nos PREMIOS MESTRE MATEO DO AUDIOVISUAL SENDO PREMIADA ESTE MESMO ANO POLA SÚA PARTICIPACIÓN EN OS MORTOS VAN ÁS PRESAS



REBECA MONTERO (*Verónica Hoffman*)

É licenciada en Arte Dramática pola RESAD de Madrid.



Profesionalmente comeza a súa carreira teatral no CENTRO DRAMÁTICO GALEGO en 1987 con *O ENFERMO IMAXINARIO* de Molière, ás que seguiron tamén producións no CDG como *AS ALEGRES CASADAS* (Shakespeare), *LEONCIO E HELENA* (Büchner), *GALILEO GALILEI* (Brecht), *SEIS PERSONAXES Á PROCURA DE AUTOR* (Pirandello), *NOITE DE REIS* (Shakespeare) ou *A BOA PERSOA DE SEZUÁN* (Brecht) pola que recibiu o PREMIO MARÍA CASARES

COMO MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA.

Tamén no CDG participa en case todas as producións de autoría galega como *A GRANDE NOITE DE FIZ*, *A FIESTA VALDEIRA*, *NIN ME ABANDONARÁS NUNCA*, *VIAXE Á FIN DE DON FRONTÁN*, etc....

Traballa tamén para outras compañías como TEATRO DO NOROESTE E LAGARTA LAGARTA.

Entre os seus papeis en audiovisual destacan as películas *EL REY DEL RÍO*, *NENA*, *BLANCA MADISON*, *LEÓN Y OLVIDO* e en series para televisión *MAREAS VIVAS E A VIDA POR DIANTE* para Televisión de Galicia.

Actualmente está grabando a segunda tempada da serie *MATALOBOS*.



ALFONSO PARRA (iluminador)

Presenta unha extensísima traxectoria profesional dende a súa formación inicial en Cine na Escuela Internacional de Cine y Televisión (E.I.C.T.V.) de San Antonio de los Baños (Cuba).

Además de en España traballa en países como Portugal, Francia, Bélxica, Italia, Austria, Alemaña, Islandia, Grecia, Turquía, Sri-Lanka, Malasia, Indonesia, Singapore, Estados Unidos, Cuba.....como Director de Fotografía en longametraxes, Series de Tv, Documentais, Curtametraxes, Publicidade, Videoclíps e tamén como Iluminador en teatro para compañías como CUARTA PARED OU METABOLÉ.

En cine son recoñecidos os seus traballos en *A CASA DA LUZ* (Carlos Amil - Vimbio Films), *7 MINUTOS* (Daniela Fejerman - Catafiore Films / Tornasol Films), *PAISITO* (Ana Díez - Tornasol Films), *MUJERES EN EL PARQUE* (Felipe Vega- Tonasol Films), *DÍAS AZULES* (Miguel Santesmases - Milou Films / Tornasol / Continental Producciones), *LA BICICLETA* (Sigfrid Monleón - Wanda Films), *LA FLAQUEZA DEL BOLCHEVIQUE* (Manuel Martín Cuenca - Rioja Films), *NUBES DE VERANO* (Felipe Vega - Tornasol / Messidor Films), *CARLOS CONTRA EL MUNDO* (Chiqui Carabante - Jaleo Films) ou *O AGASALLO DE SILVIA* (Dionisio Pérez - Lorelei / Inval / El Médano).

É colaborador habitual das revistas *CAMERAMAN*, *SHOOTING*, *AREAAUDIOVISUAL* y *HIGH DEFINITION MAGAZINE* entre outras.

Profesor na ESCUELA TALLER DE ARTES IMAGINARIAS (TAI) DE MADRID dende 1995, impartindo diversos cursos relacionados coa dirección de fotografía (Iluminación, Estética do encadre, Laboratorio, etc.). Participa de xeito habitual como ponente en seminarios.



FRAN PÉREZ NARF (*Espacio sonoro*)

Compositor e intérprete que reparte a súa carreira artística entre a actividade de cantautor e a composición musical por encarga.

Como compositor leva a cabo encargas para espectáculos das EXPO de ZARAGOZA, HANNOVER e LISBOA así como a obra sinfónica “A CANCIÓN DAS ÁRBORES DANZANTES” peza interpretada en 2005 na Praza do Obradoiro pola Orquestra Real Filharmonía de Galicia.

En teatro a súa máis recente produción foi para o Centro Dramático Galego no espectáculo *A BOA PERSOA DE SEZUÁN* (2008). Recibiu o PREMIO MARIA CASARES Á MELLOR MÚSICA ORIXINAL en teatro en diversas ocasións polas producións *RIO BRAVO*, *ANNUS HORRIBILIS*, *ORBITA MUTANTE*, *FINNIS MUNDI CIRCUS* e *SIDECAR*.

Como NARF, cantante e autor, percorreu escenarios de Londres, Sao Paulo, Río de Janeiro, a Habana, Maputo, Nova Delhi, Katmandú, Mindelo, Lisboa, Varsovia, Barcelona, Recife,En 2006 acadou en Suecia o segundo premio do FESTIVAL DA CANCIÓN EUROPEO DE LINGUAS MINORIZADAS

En 2008 estreaba o espectáculo *ALÓ IRMAO*, na compañía do cantante e guitarrista africano Manecas Costa, obtendo un notable éxito de crítica y público no WOMEX 08, en Sevilla e co que está a preparar un novo lanzamento discográfico.

Está no mercado o seu segundo disco: *TOTEM*